

A cerámica de Sargadelos, con máis de 200 anos de historia, é inherente á cultura de Galicia.

Nesta actividade partimos da seguinte imaxe dun prato de Sargadelos e traballaremos con Geogebra \*


Antes de iniciar a actividade, debes importar a imaxe no programa.




a) Sinala coa ferramenta Punto 3 puntos na circunferencia exterior do prato: C, D, E




b) Traza coa ferramenta circunferencia por 3 puntos a circunferencia que delimita o borde exterior do prato.




c) Constrúe coa ferramenta polígono o triángulo  $\widehat{CDE}$



d) Traza coa ferramenta mediatriz 2 mediatrices do triángulo anterior



e) Acha coa ferramenta intersección o punto de corte de 2 mediatrices



f) Que nome recibe este punto notable do triángulo? Coincide co centro do prato?

\* Programa de código libre.

Pode descargarse en: <http://www.geogebra.org> ou facer uso en liña na mesma páxina